

SEMINARIO Quintana e Táboas traballan xuntos para a súa supresión ■ En Galicia hai arredor de corenta asentamentos nos que residen, en infravivendas, ata 3.400 persoas

ERRADICAR AS CHABOLAS

VICEPRESIDENCIA
INVIESTE 5,6 MILLÓNS
ATA O ANO 2013 PARA
A SÚA INSERCIÓN
SOCIAL E LABORAL

Redacción · Santiago

Unha de cada tres persoas de etnia xitana habita en contornos onde a vivenda e o hábitat presentan niveis elevados de degradación. En Galicia, hai un total de 39 asentamentos nos que residen, en chabolas e infravivendas, ata 3.400 persoas.

Datos como estes son os que levaron a Vicepresidencia a pór en marcha, coa consellería de Vivenda, o proxecto para a erradicación do chabolismo en Galicia. Os responsables de ambos os departamentos, Anxo Quintana e Teresa Táboas, presentaron onte en Santiago, no contexto do *Seminario sobre vivenda e comunidade xitana*, as liñas deste traballo, enmarcado no *Plan Integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo Xitano*. Para dito plan, Vicepresidencia desemborsará máis de 800.000 euros este ano. Serán en total a 5,6 millóns ata o 2013.

Trátase, dixo Quintana, dun "instrumento específico" que ten como meta "normalizar das condicións de vida" desta comunidade. O plan recolle un catálogo de accións en áreas como a sensibilización social, a igualdade de xénero ou o acceso ao emprego e á educación.

Pola súa parte, a conselleira de Vivenda, Teresa Táboas indicou que están en marcha proxectos para a erradicación de chabolas na Coruña, Lugo e Carballo, aínda que tamén existe un programa específico que ten como fin acabar co chabolismo en Maceda (Ourense), mediante 23 vivendas protexidas -cun investimento de 3 millóns de euros- en réxime de alugueiro.

Por outra banda, o Vicepresidente destacou que, por primeira vez, este ano os concellos poden solicitar axudas para financiar o desenvolvemento de proxectos para a comunidade xitana, e sinalou que esta ano subiu nun 37% o número de municipios beneficiados por esta liña de axudas, cun total de 22.

Un 90% máis mentres os fondos estatais están "conxelados"

Ademais, Quintana incidiu en que, mentres os fondos estatais para este fin seguen "conxelados", a partida autonómica experimentou este ano un incremento do 90% pasando dos 166.583 euros en 2006 a máis de 320.000 euros, polo que situou o orzamento global en 669.124 euros. ●



Anxo Quintana e Teresa Táboas, onte no seminario celebrado en Santiago

Un de cada 3, en contornos degradados

No marco do Seminario sobre vivenda e comunidade xitana, o vicepresidente aludiu, neste sentido, a un Informe do Valedor do Pobo que refire que unha de cada tres persoas de etnia xitana habita en contornos onde a vivenda e o hábitat presentan niveis elevados de degradación. A este respecto, indicou que as situacións de exclusión residencial extrema e infravivenda non poden ser abordadas co-

simples problemas de aloxamento. "Precisamos amplitude de miras. Son, en realidade, a expresión máis dramática da exclusión e a desigualdade, implican novas trabas á integración social e deixan ver que existe detrás un contexto máis amplo de carencias, unha situación cronicada de pobreza e exclusión", engadiu.

Cidadáns con dereitos e deberes

"Esta realidade só pode ser superada mediante o traballo en rede", dixo Quintana, que amosou o seu convencemento de que unicamente baixo esta lóxica será posible actuar sobre a orixe dos problemas e non simplemente sobre os seus efectos máis visibles e externos". Tamén sinalou que de nada serve resolver problemas como o da infravivenda en determinados colectivos se non se asegura que a familia que a habita sexa capaz de mantela económica e fisicamente, se esa familia non está plenamente integrada na comunidade como cidadáns con plenos dereitos e deberes.

Exclusión residencial

Na inauguración do seminario, en Santiago, Quintana indicou que Vicepresidencia e Vivenda van cumprir algunhas das liñas prioritarias que, en materia de vivenda, recolle o Plan Integral para a convivencia e o desenvolvemento social do Pobo Xitano impulsado pola Vicepresidencia. "Con meridiana claridade, este informe (do Valedor) ponlle voz e cifras á situación de exclusión residencial que arrastran as colectividade xitanas no noso contorno, unha experiencia profundamente valiosa que será punto de arranque das nosas próximas actuacións".

Programas eficaces

Durante a súa intervención, o vicepresidente falou da importancia da "integración social" da comunidade xitana, que será "real e efectiva na medida en que sexamos capaces de levar a cabo medidas e programas eficaces abrangendo o conxunto de cuestións que afectan ao mundo xitano", actuando en todas as fronteiras: a vivenda, a cultura e a educación; as oportunidades de inserción na actividade laboral; o recoñecemento dos dereitos e deberes fundamentais.

O seminario tamén acudiu onte a directora xeral de Fomento e Calidade da Vivenda, Encarna Otero.